

**Acta número 4 /2008, da Comisión de Persoal da Xunta de Galicia.**

## **Asistentes:**

### **POLA ADMINISTRACIÓN.**

**Presidente**

Mª del Mar Rodríguez Fernández

**Secretario**

Víctor Gallego Vincent

**Presidencia da Xunta de Galicia**

Eva Sanín Mariño

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar**

Ramón del Valle López

**C.Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

Beatriz Rodríguez Fraga

**C. Economía e Facenda.**

J. Carlos Carid Fernández

**C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte**

María Chas de la Calle

**C. Educación e Ordenación Universitaria**

Marina García Valeiras

**C.Innovación e Industria**

José Carlos Fagín Taboada

**C. Cultura e Deporte**

Carlos Amoedo Souto

**C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible**

Jaime Baltar Tojo

**C.Traballo**

José Vázquez Portomeñe

**POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS:**

<b>CIG</b>	Manuel Gallardo Canitrot
<b>CCOO</b>	Óscar Briones Gamarra Pedro Méndez Gil
<b>UGT</b>	José Francisco Núñez Rodríguez Antonio Pais Andrade
<b>CSI-CSIF</b>	Álvaro Fernández Baamonde José Francisco Sánchez-Brunete Varela Carmen Noya Castro

En Santiago de Compostela, sendo as doce horas do día dez de marzo do ano dous mil oito, reúnense en sesión ordinaria, no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal, segundo a seguinte orde do día:

**Punto primeiro.- Lectura e aprobación, de ser o caso, da acta núm. 3/2008, correspondente á sesión anterior.**

O representante de CCOO solicita que se recollan máis matices explicando o sentido das votacións

O representante de CIG solicitan que se incluan as explicacións do secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en relación ao plantexado en rogos e preguntas... textualmente as súas declaracións son as seguintes: *“O secretario xeral da Consellería contesta que para aqueles concellos que teñen externalizada a limpeza dos CPIs (Centros Públicos Integrados) se está a estudar como asumir o custo deses contratos pero non existe ningunha previsión nin negociación para a asunción do persoal propio dos concellos que realiza funcións de limpeza”*.

Coa anterior observación posponse a súa aprobación para a seguinte xuntanza ordinaria da comisión de persoal.

**Punto segundo.- Orde do...de.....2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia, Escala Superior de Finanzas.**

O representante de CIG manifesta que vota en contra porque non se atenderon as súas alegacións e o proceso e só por oposición.

O representante de CCOO manifesta: que vota en contra porque solicitan concurso-oposición e non están de acordo coas probas orais.

O representante de UGT manifesta: que vota en contra pola falta de concurso-oposición e a súa oposición a proba oral.

O representante de CSI-CSIF manifesta que vota en contra polas razóns argumentadas na mesa sectorial.

**Punto terceiro. Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia, Escala Superior de Finanzas.**

O representante de CIG manifesta que vota en contra, dado que non se atenderon as súas alegacións e estaren en contra do curso selectivo.

O representante de CCOO manifesta que votan en contra polas mesmas razóns que no punto anterior.

O representante de UGT manifesta que votan en contra pola promoción interna sen concurso.

O representante de CSI-CSIF manifesta:que votan en contra polas mesmas razóns que expuxeron na mesa sectorial.

**Punto cuarto.- Orde do..de....de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo de Xestión de Administración da Xunta de Galicia, Escala Técnica de Finanzas.**

Os representante de CIG, CCOO, UGT e CSI-CSIF votan en contra da presente orde polas mesmas cuestións que se indican no punto anterior e na mesa de negociación.

**Punto quinto.- Orde do...de febreiro de 2008 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, Escala de Enxeñeiros de Telecomunicacións.**

O representante de CIG manifesta que votan en contra porque non se tiveron en conta as súas alegacións na negociación.

O representante de CCOO manifesta que aínda que se “aquilatou” o temario votan en contra por que non se

tiveron en conta o resto das súas alegacións.

O representante de UGT manifesta que votan a favor aínda que non están de acordo completamente coa orde.

O representante de CSI-CSIF manifesta que votan en contra.

**Punto sexto.- Orde do -- de febreiro de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna e cambio de categoría na categoría 049 (axente auxiliar de inspección de transportes) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.**

O representante de CIG manifesta: que vota a favor

O representante de CCOO manifesta:que vota a favor

O representante de UGT manifesta:que se abstén

O representante de CSI-CSIF manifesta:que se abstén

**Punto sétimo.- Orde do -- de febreiro de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso na categoría 049 (axente auxiliar de inspección de transportes) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.**

O representante de CIG manifesta: que vota a favor

O representante de CCOO manifesta:que vota a favor

O representante de UGT manifesta:que se abstén

O representante de CSI-CSIF manifesta:que se abstén

**Punto oitavo.- Rogos e preguntas.**

O representante da CIG pregunta porque nos listados do concurso de traslados non hai un listado de busca como había outros anos, de tal xeito que vendo os mesmos sabíase a puntuación de todos os solicitantes dos postos de traballo o que permitía comparar os méritos propios cos dos demais participantes.

A directora da función pública contesta que isto xa está amañado e que xa se pode ver vía internet.

O mesmo representante sindical pregunta quen filtrou a RPT do medio rural dado que a el lle chegou por outro representante antes de ser enviada as OOSS para ser negociada.

A directora xeral da Función Pública contesta que se farán as investigacións oportunas para o esclarecemento deste asunto.

O resto das OOSS manifestan que é intolerable que estas cousas sucedan por que están en contra da negociación colectiva.

As trece horas do día sinalado supra levántase a sesión.

**VISTO E PRACE**  
PRESIDENTA

**DOU FE**  
SECRETARIO

Asdo.:M<sup>a</sup> del Mar Rodríguez Fernández.

Asdo. Víctor Gallego Víncent.